

NOTA DE PRENSA

Recomendacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia sobre o xogo e os xoguetes

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2012.- Un ano mais chegaron as festas navideñas e todo o que conleva, na nosa cultura, de excesos culinarios e febre consumista. Pero agora máis que nunca, ante a delicada situación que viven tantas familias, é o momento de replantearse algunhas cuestións: ¿Que facer se non dispoñemos dun diñeiro extra para facer regalos aos nosos fillos?, ¿son realmente necesarios os xoguetes para os nenos?.

Xogar é unha actividade fundamental para o desenvolvemento madurativo dos seres humanos, a nivel cognitivo, afectivo e social, xa que a través do xogo o neno vai construíndo a súa identidade. Mediante o xogo, ten unha excelente oportunidade de coñecer as cousas, como funcionan, cantos usos poden darlle... e realizar ademais estes aprendizaxes como algo pracenteiro.

O xogo permite, tamén, cubrir a necesidade de relación cos demais e co mundo en xeral. Así, o neno vai descubrindo non só que se diverte manipulando, creando ou superando un reto senón tamén compartindo sensacións, emocións e, progresivamente, aceptando normas ou sendo capaz de poñerse no lugar do outro. Isto facilítalle, por outra parte, aprender a valorar e asumir as súas propias capacidades e limitacións.

O xoguete é o instrumento material mediador entre esta importante actividade e o neno. Aí radica a súa importancia. Obviamente, pódese xogar sen xoguetes, pero a súa existencia xa desde a Antigüidade dá unha idea do seu valor educativo.

Por tanto, si é importante que os nenos poidan dispoñer de xoguetes pero isto non significa que sexa obrigado comprarlles un gran número deles nin que exista unha relación directa entre os mellores xoguetes e os de maior prezo.

Tradicionalmente, asociamos “festas navideñas” con “regalar” e, xeralmente “regalar” con “comprar”. Por elo, este acto foise convertendo nun acto consumista, chegando moitas veces a desvirtuarse a súa verdadeira finalidade como expresión de afecto desinteresado. E agora é necesario recuperala, aproveitando esta oportunidade para ensinar aos nenos e mozos que non van a ser máis felices por ter moitos regalos ou por conseguir o xogo de moda.

A complicada situación económica actual vai a condicionar inevitablemente as compras de xoguetes navideños pero podemos convertela tamén nunha boa ocasión para favorecer unha maior comunicación cos fillos, transmitíndolles a importancia de saber adaptarse aos momentos difíciles e a capacidade de non perder a ilusión.

Por encima do inefable bombardeo publicitario e da presión que pode supoñer a existencia de amigos con maior dispoñibilidade económica, podemos sortear a situación seguindo os mesmos criterios de sempre, seleccionando xoguetes que cumpran os coñecidos requisitos de seguridade, idoneidade para a idade do neno, que satisfagan as necesidades de exercicio físico, que se adecúen aos seus gustos... sen ter por elo que adquirir os máis caros nin os máis exclusivos.

Nesta “adaptación aos novos tempos” deberíamos incluír, responsablemente, unha visión educativa e tamén máis acorde co mundo actual, tendo coidado na elección de xoguetes non sexistas, que non inciten á violencia e que favorezan á colaboración cos demais.

Por outra parte hai que ter ben presente que, en realidade, o importante non é o xoguete en si mesmo senón a elección máis adecuada a cada idade e circunstancia e que para evitar equivocarnos podemos seleccionar, partindo sempre duns mesmos criterios e adaptándoos en

función da idade ou desenvolvemento evolutivo (tendo en conta a mellor adecuación aos seus gustos ou ás necesidades económicas da familia) algúns destes grupos de xoguetes:

- Xoguetes deportivos, que estimulan a psicomotricidade, o coñecemento do propio corpo e a necesidade de exercicio físico (balancíns, correpasillos, triciclos, bicicletas, pelotas, balóns...).
- Xoguetes musicais, que favorecen a creatividade, desenvolven a sensibilidade musical (desde axóuxeres para os máis pequenos a teclados, instrumentos musicais, karaokes, etc, para os máis maiores).
- Xoguetes de construción, que fomentan o desenvolvemento das relacións espaciais, a atención, a precisión, a paciencia... (encaixes, crebacabezas, modelismo...).
- Xoguetes de representación, que permiten o xogo simbólico e estimulan a imaxinación do neno por medio da imitación do adulto o que fomentan a expresión de afectos (bonecos, peluches, cocinitas, disfraces...).
- Xoguetes regulados, que propician a socialización, permiten cooperar, asociarse, competir (xogos de mesa, videoxogos...).
- Libros, importantísimos a todas as idades xa que estimulan a imaxinación, fomentan o desenvolvemento da linguaxe, permiten unha percepción do mundo máis alá do entorno inmediato, familiarizan coa expresión visual e escrita... O neno que crece nun fogar no que hai libros e estes son valorados asociará os libros e a lectura cunha actividade pracenteira e non unicamente coas obrigacións escolares.

É inevitable, hoxe en día, facer referencia tamén aos regalos relacionados coas novas tecnoloxías da información e a comunicación: ordenadores, videoconsolas, móbiles... que os nenos e, sobre todo, os adolescentes incorporaron as súas vidas e ás novas formas de relacionarse socialmente. Hai que recordar as súas múltiples vantaxes (favorecen a concentración, permiten un rápido e amplo acceso á información...), pero tamén non esquecer os seus perigos (posibles adicións, acceder a contidos inapropiados ao ser fácil presa de enganos por descoñecidos...). Pero é o uso inadecuado e non o instrumento en si o que se debe controlar e iso é tamén tarefa dos pais.

Polo tanto, hai moitas posibilidades de diversión, entretemento e aprendizaxe nos xoguetes, tanto nos máis tradicionais como nos de última xeración, independentemente do seu valor material ou de éxito social. Estarase axudando moito máis aos/ás fillos/as se se lles ensina a tolerar a frustración por non recibir un regalo custoso que se nos frustramos nós por non poder proporcionarllo. Os nenos e adolescentes deben aprender a valorar máis o acto de regalar que o regalo en si, e iso axudaralles a asumir valores tan necesarios como a comprensión cara aos problemas dos demais, a xenerosidade e a solidariedade.